IRIMIA

SEMANARIO DE CRENTES GALEGOS

N.º 26 – 2 Maio 1982

AS NOSAS CASAS LABREGAS SON FERMOSAS PRO COMPRE RENOVALAS

... CON RETRANCA

■■■■

Antes de que o Cirio Pascual deixe de alumear, na festa da Ascensión, queremos chamar a atención sobre o delicado traballo desas abellas que enchen os nosos campos. Póusanse e penetran nas flores sen facerlles o menor daño. Mais elas non reciben o mesmo trato por parte dos que nos chamamos animais racionais. Estase distribuindo a primeira revista da Asociación Galega de Apicultura, e nela piden respeto prás abellas. Denuncian como as abellas están sendo desterradas pola ignorancia da xente, a contaminación de fluor na costa lucense, ou por Obras Públicas que "queima as cunetas con herbicidas e non dá tempo as abellas a desaloxar".

■■■■

Mentras tanto hai moitas familias que se están beneficiando dos ingresos derivados da Apicultura, que así se chama ó cultivo e explotación das abellas. No ano 1981 a zona de Mondoñedo arroxou unha produción de 3.600 litros de mel, pero aínda haios que só saben tratar ás abellas como fortes enemigos, e así nas lindantes comarcas de Ourol é Muras, matáronse mais de mil trobos, coa soa intención de recoller o mel. Antes de nada, hai que organizarse pra sacar mais proveito desta riqueza que as abellas nos ofrecen e buscar novas formas de comercializar os seus produtos.

■■■■

O mes de maio xa non é somentes o mes das flores, é tamén o mes das nosas letras e da nosa fala. As Asociacións, e cada vez mais Colexios e Axuntamentos non regatean esforzos pra celebrar o 17 e 18 de maio como días de loita polo noso idioma. Non debería haber un neno e un mozo que non aportase o seu grao de area a esta empresa nacional. Ainda estades a tempo; poñede nun papel, en verso ou en prosa ou a través dun dibuxo, a vosa visión da nosa terra, e mandádeo a un dos moitos concursos que se convocan nestes días ó longo e ancho do país. Podedes informarvos no voso Colexio ou Axuntamento, ou millor na Asociación Cultural ou Xuvenil que teñades mais perto.

■■■■

1986 é a fecha tope prá reforma da Seguridade Social. Unha gran empresa, a que todos contribuimos cos nosos cartos, pero na que as contas non están nada claras. E menos mal cándo somos ben atendidos nos seus servicios, pois na Residencia do Ferrol veñen de estar en folga porque non lles acaban de cubrir 51 prazas de personal que xa hai tempo teñen aprobadas, e en Lugo hai que facer malabarismos pra non tropezar cos enfermos que hai nos pasillos. Por outra banda, os ambulatorios non son mais que un escalón pra ir ó Hospital, cando debían ser centros de prevención de enfermedades e de coñecemento do posible enfermo.

■■■■

Galicia quere camiñar cara unha asistencia sanitaria mais xusta e que alcance a todos. A Xunta quere escomenzar esta reforma na Comarca do Xallas, e na costa e alta montaña lucenses.

■■■■

A Seguridade Social engloba tamén o que se chaman pensións, e prestacións económicas por invalidez, xubilación, incapacidade, etc. Vense millorando a situación destas persoas. Agora fíxose unha petición ó Parlamento, pra que temén os viúdos teñan dereito a unha paga cando morre a súa muller. Suprimiríase unha inxusticia coas mulleres traballadoras desde o momento en que elas tamén cargan sobre o seu lombo cas cargas da Seguridade Social.

■■■■

O pasado día 30 de marzo mais de mil labregos convocados por Comisións Labregas se concentraron na vila luguesa de Póboa de San Xulián e impediron coa súa presencia a subasta duns bens embargados a un labrego que se negara a pagar o recibo da cota empresarial. E vergoñento que tras tantos anos de protesta, un imposto tan inxusto coma impopular non desaparecera aínda. Esperemos que o Parlamento galego se ocupe urxentemente da cuestión.

BOA NOVA

XESUS ERA DIFERENTE

Nosoutros temos moitos pastores:
curas, mestres,
alcaldes, médicos, políticos, etc.
Xente que coida o noso corpo
e o noso espírito.
Esta xente ten nas súas mans
gran parte da nosa vida.

Pódennos construir
ou destruír;
pódennos abrir os ollos prá vida
ou pechárnoslos;
pódennos formar na irmandade,
ou dividirnos con enfrentamentos;
pódennos devolver a esperanza,
ou fundirnos na desilusión.

Poucos destes
dan a súa vida por nosoutros.

Poucos destes
nos teñen coma ovellas súas,
como irmáns seus.

Poucos destes
dan a cara por nosoutros,
cando chega o lobo
pra nos desfacer,
pra nos arrapiñar e dispersar.

Poucos destes
nos atenden gratis
sen esperar unha paga.

Poucos destes
teñen verdadeiro interés por nosoutros.

Pucos destes
nos conocen a fondo.

† EVANXELIO SEGUNDO XOAN (10,11-18)

Eu son o Bo Pastor. O Bo Pastor dá a súa vida polas ovellas. O criado, que non é pastor, de quen non son as ovellas, cando ve vir o lobo, deixa as ovellas e foxe, e o lobo arrapíñaas e dispérsaas; pois é pagado e non lle importan as ovellas. Eu son o Bo Pastor: conozo as miñas, e as miñas conócenme a min, igual que o Pai me conoce a min e Eu conozo ó Pai. Eu dou a miña vida polas ovellas. Teño ademais outras ovellas que non son deste redil: tamén a esas as teño que guiar, e escoitarán a miña voz, e farase un só rebaño e un só pastor.

Por eso me ama o Pai: porque Eu dou a miña vida, para tomala de novo. Ningén ma quita, senón que a dou Eu pola miña conta. Teño poder para dala e teño poder para tomala de novo. Este mandato recibino do meu Pai. ■

Poucos destes
conocen na súa propia carne
os sufriementos das súas ovellas.

Poucos destes
festexan as medras das ovellas.

Poucos destes
choran a súa franqueza.

Poucos destes
entran confiados nas nosas casas.

Poucos destes
nos reciben confiados nas súas casas.

Poucos destes
beben alegremente con nosoutros
o viño da veciñanza compartida,
e tampouco comen famentos
o pan cariñoso e forte da irmandade.

Xesús era diferente.

TERRA e

AXUDAS PRA VI

Patronatos prá millora da vivenda rural

Irimia coida que un dos males do campo galego é a falla de información, e por iso tenta na medida dos seus posibles axudar a correxilo. Esta semana queremos dar a coñecer entre os nosos lectores as axudas que ofrecen os Patronatos Provinciais prá Millora da Vivenda Rural.

A experiencia dinos que esas axudas tardan ás veces bastante tempo en concedelas probablemente por limitacións nos seus presupostos anuais. Este é outro dos males do noso país: que moitas das axudas ofrecidas resultan non poucas veces teóricas por falla de cartos pra atender tódalas solicitudes. As promesas saen sempre nos periódicos e o goberno queda coma un rei sen destinar cartos pró campo.

Por probar que non quede. Que non digan logo que os labregos non aproveitan as ocasións. Pra que non nos acusen de pesimistas hai que decir tamén que coñecemos algúns que se beneficiaron das axudas do Patronato.

Axudas dos Patronatos

Coa nova normativa que saiu en novembro de 1980 os Patronatos prá Millora da Vivenda Rural pasaron a depender dos Gobernos Civís das provincias e incrementaron as axudas económicas que é a súa principal función.

As axudas poden concederse tanto pra reparacións ou milloras nas vivendas coma pra nova construción, sempre que se trate de vivendas rurais.

Considera milloras:

- O aumento dos cuartos na casa pra cubrir as necesidades familiares.
- A instalación de auga corrente, luz eléctrica, desaugues, servicios hixiénicos, etc.
- A separación da vivenda das cortes ou outras instalacións non adicadas á vivenda.
- Outras obras que aumenten a duración ou milloren o aspecto da vivenda.

Tipos de axudas

Prás milloras ou reformas a axuda máxima total é de 350 mil pesetas por beneficiario ou vivenda. Prás de nova construción o tope máximo é de 800.000. Estas axudas repártense do

seguinte xeito:

- Subvencións ou axudas a 65.000 pesetas ou en caso de ince
- Axudas sen interés: máxi berá que devolver a mais tardar en
- Préstamos: con un máxim bras de reparación ou millora e d ción. Estes préstamos concédenos terés anual e hai que devolvelos nu

XENTE

VENDA RURAL

Exemplos

.— Pra reforma ou millora o máximo que conceden é:

	Caso normal	*Caso incendio, etc.*
Subvención a fondo perdido	65.000	130.000
Anticipo sen interés	125.000	125.000
Préstamos ó 5 por cen	160.000	95.000

.— Pra obras de nova construción:

	Caso normal	*Caso incendio, etc.*
Subvención	65.000	130.000
Anticipo sen interés	125.000	125.000
Préstamo ó 5 por cen	610.000	545.000

Concesión e devolución das axudas

En caso de concesión da axuda o Patronato fai efectivo o 60 por cen no momento da firma do contrato e o 40 por cen restante cando xustifique o solicitante ter realizado a mitade da obra según o presuposto aprobado.

Se conceden subvención esta non hai que devolvela. O anticipo sen interés hai que devolvelo como máximo en 10 anos. Os préstamos devólvense como máximo en 15 anos. Os pagos ó Patronato son a partir do ano despois á terminación da obra, con pagos cada seis meses en maio e novembro dos intereses e da parte proporcional do préstamo ou anticipo.

Solicitudes

Hai impresos oficiais nos axuntamentos que son os que normalmente xestionan as solicitudes. Ten que pedilas o propietario da vivenda ou o arrendatario da mesma contando co permiso do dono. Deben acompañarse do informe dun albañil ou aparellador detallando as obras e o presuposto. Normalmente solicitan a aval de dúas persoas que respondan que vai ser devolto. Pra mais información acudide ós axuntamentos ou ó Patronato nos gobernos civís das provincias.

Astra a semana logo e recordade que o que non chora non mama!.

fondo perdido: máximo de
ndio ou derrumbes 130.000.
mo 125.000 pesetas que ha-
10 anos.
o de 315.000 pesetas pra o-
e 625.000 pra nova construcon un cinco por cen de in-
n prazo máximo de 15 anos.

PARABOLAS

O PRINCIPIÑO NO PLANETA DO VANIDOSO

Unha vez era un principiño que vivía só nun planeta, e un día decidiu saír pra coñecer novos planetas. E cadroulle de ir a un planeta que estaba habitado por un vanidoso.

— ¡Ah! ¡Ah!, venme visitar un admirador —berrou desde lonxe o vanidoso cando veu un principiño—.

Porque prós vanidosos todos os demais homes son admiradores.

— ¡Bos días! —dixo o principiño—. ¡Que sombreiro más chusco ten vostede—.

— E pra saudar —respondéulle o vanidoso—. E pra saudar cando me aclaman. Por desgracia nunca pasa niguén por aquí.

— ¿Ah sí? —dixo o principiño que non comprendeu.—

— Bate as túas mans unha contra a outra —aconselloulle o vanidoso— O principiño bateu as súas mans e o vanidoso saudou modestamente quitando o seu sombreiro. Logo volveu a repetir a acción, e o vanidoso púxose a saudar outra vez, quitando o sombreiro. Despois de cinco minutos de exercicio, o principiño cansou da monotonía do xogo.

— ¿Que hai que facer pra que caia o sombreiro? —preguntou o principiño—.

Pero o vanidoso non o oíu. Os vanidosos non oen mais que as loubanzas.

— Ti admirasme moito, ¿Verdade?

— ¿Que significa admirar?

— Admirar significa reconocer que eu son o home mais fermoso, o mais elegante, o mais rico e o mais intelixente do planeta.

— Pero ti estás só neste planeta.

— ¡Cumpreme ese gusto! ¡Admírame, a pesar de todo!

— Bon, admírote —dixo o principiño encollendo o lombo—, ¿Pero para que che pode servir iso?

E o principiño marchou.

"¡Desde logo —ía decindo pra sí durante a viaxe—, as persoas maiores son ben raras!".

(de "O principiño", A. de Saint-Exupéry)

A CARON do LUME

a boda do piollo e a pulga

Hoxe imos ofrecervos unha cantiga prós nenos:

O piollo e a pulga
quérense casar.
Fáltalles o cura.
¿Onde o irán buscar?
Saíu o sapo
da súa sapura:
— Sigan esa boda,
que eu xa son o cura.
— Agora, vidiña,
cura xa o temos.
Falta un padriño.
¿Onde o encontraremos?
Saíu o rato
do seu buratiño:
— Sigan esa boda,
que eu son o padriño.
— Agora, vidiña,
padriño xa temos.
Fáltanos a mesa.
¿Onde a encontraremos?
Saíu o grilo
do seu grileiro:
— Sigan esa boda,
que eu son carpinteiro.
— Agora, vidiña,
mesa temos.
Falta o mantel.
¿Onde o encontraremos?
Saíu a araña
da súa arañeira:
— Sigan esa boda,
que eu son tecedeira.
— Agora, vidiña,
mantel xa o temos.
Fáltanos o pan.
¿Onde o encontraremos?
Saíu a mosca
da súa mosqueira:
— Sigan esa boda
que eu son panadeira.
— Agora, vidiña,
pan xa o temos.
Fáltanos a carne.
¿Onde a encontraremos?
Saíu o lobo
do seu lobeiro:
— Sigan esa boda,
que eu son carniceiro.
— Agora, vidiña,
carne xa temos.
Fáltanos o viño.
¿Onde o encontraremos?
Saíu o mosquito
por tan pequeniño:
— Sigan esa boda,
eu levarei o viño.
E estando na boda,
con tanto ruido,
apareceu un gato,
e comeu o padriño.

CANTAR DO IRIMEGO



Hoxe quérovos falar (e)
das máquinas tragaperras,
que me parece que traen
unhas modas ben gamberras.

O outro día vin dous vellos
botando bastantes pesos,
a máquina tragou todo
e eles quedaron tesos.

E certo que cadaquén
cos seus cartos facer pode
o que quere, pero hai cousas
que me cheiran algo a podre.

Precisamente en momentos
de tanta anguria económica,
que se xogue tanto, é
unha cousa traxicómica.

Ti metes os pesos e ela
pón música "chinda, chun",
que ainda parece mesmo
que se está a rir de un.

Xa abonda coa lotería
e abondaba coas quinielas,
que os mais que a elas xogan
sempre quedan a dúas velas.

Eu revírome contra elas
e aviso ó irimego
que se valeira o seu peito
é que anda algo cego.

Parece que nestes tempos
de tanta desesperanza
non sabe a xente o que fai
e á aventureira se lanza.

"Irimia" pódese mercar:

- **En Santiago: Librería "Agarimo". Praza de Cervantes.**
- **En Coruña: Librería "Nos". Praza do Libro.**
- **En Lugo: Librería "Biblos". Dr. Fleming.**

EDITA: "Asociación IRIMIA"
DIRECTOR: Victorino Pérez Prieto, Bretoña (Lugo)
RESPONSABLES: Alfonso Blanco, Alexandre F. Pumariño, Manolo Regal, Xosé-Antón Miguélez, Xosé-Manuel Carballo, Lois Ferradás, Pepe Chao e outros colaboradores.
DISTRIBUCION: Mosteiro de Sobrado dos Monxes (Coruña)
PEDIDOS E ADMINISTRACION: Apdo.5-Conta na Caixa de Aforros 04950/0-T1.982-510140-Villalba (Lugo)
DEPOSITO LEGAL: C—1417-81
PRECIO: Dous Pesos.